



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Procedemento

Código SIA

Expediente: PLN/2023/02

Trámite Acta.- Acta de sesión

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE REALIZADA POLO
PLENO CON DATA CATORCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E
TRES**

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Argemino Varela Filgueiras	Asiste
María del Pilar Diaz Otero	Asiste
Iván Martínez González	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Excusa a súa asistencia
Irene Toimil Fernández	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Excusa a súa asistencia
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste

Coa presenza da Interventora municipal, Ana María Gómez Peña.

Actuando como secretaria, a titular do posto Paula E. Ramos Díaz.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

No Salón de Sesiões do Concello pola Presidencia declárase aberta a sesión sendo as oito horas e trinta e catro minutos.

Con carácter previo ao inicio da orde do día, o Alcalde traslada o pesar institucional coas vítimas dos terremotos en Turquía e Siria.

1º.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.- A secretaria indica que en primeiro lugar procede ratificar a urxencia da convocatoria para todos e cada un dos puntos incluídos na orde do día, conforme ao sinalado no artigo 79 do Real Decreto 2568/986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en adiante ROF).

Segundo o Decreto da convocatoria asinado con data 13.02.2023, número 2023-0125 sinala:

“PRIMEIRO. Convocar, co fin de adoptar, de ser o caso, os acordos necesarios para poder solicitar a participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023” e no POS+ Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023, cuxo prazo de presentación, en ámbolos dous casos, remata ás 15.00 horas do martes 14 de febreiro de 2023, o cal non pode esperar ata a convocatoria do vindeiro pleno ordinario, sesión extraordinaria urxente do Pleno da Corporación, o día 14 de febreiro de 2023 ás 8.30 horas, para tratar dos asuntos que se expresan na orde do día...”

Debate:
Primeira quenda de intervencións

José Miguel Mahía Prados, portavoz do grupo municipal PP. Se expresa e refire aos mesmos termos da convocatoria.

Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG. Dende fai un tempo é xa costume que o Plan Provincial se aprrobe o Resolución de alcaldía a ratificar despois polo Pleno ou polo propio Pleno unhas horas antes. Maís considera que as circunstancias son as que son e adianta o seu voto a favor da ratificación da urxencia.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE. Manifesta que é reiterado a toma de decisións sobre proxectos de obras sen que pasen previamente a ditame da Comisión informativa que corresponde, de tal forma que se está a desnaturalizar a súa función e vaciar de contido.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Rematado o debate, en votación ordinaria por once votos a favor (5 PP+3EU-SON EN COMUN+2 PsdG-PSOE e 1 BNG), o Pleno, ao abeiro do indicado artigo 79 ROF, adoptou o seguinte **acordo**:

Primeiro.- Ratificar a urxencia da convocatoria e para cada un dos asuntos incluídos na orde do día.

2º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 2676/2022. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2023”. Consta como documentación elevada á consideración do Pleno coa convocatoria da sesión:

- Proxectos presentados por PROYFE, SL no rexistro xeral con data 13.02.2023, número rexistro de entrada 302:

MELLORA DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN DE TRAMO DA RÚA DO CRISTO NO SEU ENCONTRO COA AC-131, asinado en febreiro de 2023 polo Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos. Colegiado N° 15.305, Antonio J. Durán Maciñeira.

MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS:RÚA CASÁS,ROIBEIRAS E SIMOU, cun orzamento de contrata do investimento por importe de 200.772,87 euros, asinado polo Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos. Colegiado N° 15.305, Antonio J. Durán Maciñeira, de data febreiro de 2023.

MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS:SAN XOÁN, PALLIZO, MORTEIRADO ,O VILAR E MONTEFARO, cun orzamento de contrata do investimento por importe de 151.964,38 euros, de data febreiro de 2023, asinado polo Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos. Colegiado N° 15.305, Antonio J. Durán Maciñeira, de data febreiro de 2023.

- Certificacións do Libro Inventario de bens, dereitos e accións asinados con data 13.01.2023 sobre a posible inclusión dos camiños aos que se refire a denominación contemplada no proxecto, indicando a lonxitude, anchura e estado/material de pavimentación.
- Memoria económica de Alcaldía segundo o Anexo VII das BASES REGULADORAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS), publicadas no BOP de A Coruña nº 228 de 1 de decembro de 2022.
- Informe da Intervención específico de cada investimento financeiramente sostible solicitado de data 13.02.2023, segundo o Anexo VIII relativos aos proxectos MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS:RÚA CASÁS,ROIBEIRAS E SIMOU e





Concello de Mugardos
(A Coruña)

MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS: SAN XOÁN, PALLIZO, MORTEIRADO ,O VILAR E MONTEFARO

- Informe sobre a previsión de gasto corrente para o exercicio 2023 segundo o Anexo IV asinado con data 13.02.2023.

A secretaria solicita o uso da palabra ao alcalde para poder dar conta dos termos do posible acordo a adoptar en función do contido previsto no Anexo I das Bases da convocatoria::

“ ...

- 1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
MELLORA DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN DE TRAMO DA RÚA DO CRISTO NO SEU ENCONTRO COA AC-131	141.128,34 €	24.952,08 €	2.993,01 €	27.945,09 €	169.073,43 €
Subtotal investimentos achega provincial 2023	141.128,34 €	24.952,08 €	2.993,01 €	27.945,09 €	169.073,43 €

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
--	-------------------------------	--	--	--	--





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS: SAN XOÁN, PALLIZO, MORTEIRADO, O VILAR E MONTEFARO	84.808,69 €	67.155,69 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €
Subtotal investimentos achega provincial 2022	84.808,69 €	67.155,69 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €


Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

- Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023					
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023	141.128,34 €	24.952,08 €	2.993,01 €	27.945,09 €	169.073,43 €
	Achega 2022	84.808,69 €	0,00 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €
C- REDUCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023					
D- TOTAL	Achega 2023	141.128,34 €	24.952,08 €	2.993,01 €	27.945,09 €	169.073,43 €
	Achega 2022	84.808,69 €	0,00 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €





Concello de Mugardos
(A Coruña)

	Préstamo 2023					
	TOTAL	225.937,03 €	24.952,08 €	2.993,01 €	95.100,78 €	321.037,81 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS: RÚA CASÁS, ROIBEIRAS E SIMOU	200.772,87 €	0,00 €	200.772,87 €
TOTAIS	200.772,87 €	0,00 €	200.772,87 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

...”.

Neste punto a para tal efecto deixa constancia que pola premura coa que se ten achegado os proxectos, non consta emitido informe técnico municipal previo á convocatoria nin o correspondente de secretaría en orde a poder subscribir o contido do Anexo VI, á marxe das certificacións asinadas na día de onte sobre a constancia ou non das vías ás que se refire a denominación dos caminos no proxecto no Libro Inventario de Bens. Así mesmo adianta a necesidade de contar e solicitar sete autorizacións sectoriais.

Do mesmo xeito en respecto das certificacións do Libro inventario, debe incluírse en función da denominación do proxecto que existe un camiño inscrito no inventario cos datos: CA091, Camiño da Fonte (Morteirado), Lonxitude 130 metros, Sección 2,50 e composición do firme Zahorra.

“...





Concello de Mugardos
(A Coruña)

- 4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.
- 5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.
- 6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.
- 7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”

Debate:

Primeira quenda de intervencións

José Miguel Mahía Prados, portavoz do grupo municipal PP. É consciente do malestar poola forma de tramitación do expediente. Esperouse a que os grupos municipais realizaran as súas achegas e tras elo se trasladou á empresa redactora toda a premura posible e finalmente os proxectos teñen entrada no día de onte. Tampocou é do parecer do seu grupo ter que actuar desta forma e que os asuntos non pasen previamente por Comisión Informativa, máis non tiña sentido nin ocasión realizar unha Comisión Informativa previa a esta sesión do Pleno. Indica ademáis as dificultades da empresa redactora dos proxectos en función do incremento dos prezos pola crise do combustible derivada da guerra en Ucraína e agradece a colaboración e achegas realizadas por todos os grupos.

Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG. As achegas se realizaron para que pasaran por Comisión . Das tres realizadas polo seu grupo, unha delas non tivo cabida

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE. Acepta as desculpas máis non comparte nin considera causas xustificativas as aducidas para motivar a demora nin que non houberse tempo para revisar a documentación. Reitera novamente a importancia das Comisións Informativas e seguen a esperar pola información solicitada





Concello de Mugardos
(A Coruña)

respecto das obras licitadas e sen licitar de proxectos xa aprobados. Queren saber por que aparece un informe sobre gasto corrente de intervención por importe de 200.000 euros e se os camiños aos que se refire o informe de intervención de que non consta no inventario significa que non están dispoñibles.

Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG. Pregunta se a estrada a Montefaro é municipal e lle indican que sí.

José Miguel Mahía Prados, portavoz do grupo municipal PP. Sinala que hai que actualizar os datos do Inventario e xa se están a realizar actuacións polos/as empregados/as municipais para tal efecto xa que que no apareza non implica que non sexan públicos. En canto ao informe sobre gasto corrente se trata dun erro.

A secretaria solicita o uso da palabra ao alcalde para aclarar que o indicado informe de intervención sobre os camiños se corresponde coa certificación negativa sobre a inclusión de ditas vías no Libro inventario e que como xa adiantou previamente, por razóns da urxencia da convocatoria, non se puido realizar informe dos camiños no que se leven a cabo os controis aos que se refire o voceiro do grupo municipal PP.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria por once votos a favor (5 PP+3EU-SON EN COMUN+2 PsdG-PSOE e 1 BNG), , de conformidade coas BASES REGULADORAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS), publicadas no BOP de A Coruña nº 228 de 1 de decembro de 2022, adoptou o seguinte **ACORDO**:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO	
	Concello	





Concello de Mugardos
(A Coruña)

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	Orzamento total
MELLORA DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN DE TRAMO DA RÚA DO CRISTO NO SEU ENCONTRO COA AC-131	141.128,34 €	24.952,08 €	2.993,01 €	27.945,09 €	169.073,43 €
Subtotal investimentos achega provincial 2023	141.128,34 €	24.952,08 €	2.993,01 €	27.945,09 €	169.073,43 €

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS: SAN XOÁN, PALLIZO, MORTEIRADO, O VILAR E MONTEFARO	84.808,69 €	67.155,69 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €
Subtotal investimentos achega provincial 2022	84.808,69 €	67.155,69 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

- Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	





Concello de Mugardos
(A Coruña)

				abastecem. auga potable)		
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023					
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023	141.128,34 €	24.952,08 €	2.993,01 €	27.945,09 €	169.073,43 €
	Achega 2022	84.808,69 €	0,00 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023					
D- TOTAL	Achega 2023	141.128,34 €	24.952,08 €	2.993,01 €	27.945,09 €	169.073,43 €
	Achega 2022	84.808,69 €	0,00 €	0,00 €	67.155,69 €	151.964,38 €
	Préstamo 2023					
	TOTAL	225.937,03 €	24.952,08 €	2.993,01 €	95.100,78 €	321.037,81 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se encheu a columna por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS: RÚA CASÁS, ROIBEIRAS E SIMOU	200.772,87 €	0,00 €	200.772,87 €
TOTAIS	200.772,87 €	0,00 €	200.772,87 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos en función da documentación achegada, augas e servidumes para a execución dos investimentos, debendo proceder a solicitar as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias con carácter previo ao remate do prazo marcado para presentar a solicitude de axuda.





Concello de Mugardos
(A Coruña)

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”.

3º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 2812/2022. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2023 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS”.- Dáse inicio ao exame deste punto da orde do día por parte da secretaria dando conta da documentación elevada á consideración do Pleno:

- Informe da intervención municipal sobre gastos sociais extraordinarios 2023, asinado con data 10.02.2023, por importe de 42.190,00 euros (Anexo XVI)
- Informe de traballadora social, informe técnico dos servizos sociais municipais no que se acredite o cumprimento dos requisitos recollidos nos distintos apartados da Base 12ª, Anexo XVII, asinado con data 13.02.2023, cun orzamento de gasto de 42.190,00 euros.
- Informe da intervención municipal de data 13.02.2023 segundo o Anexo XVIII relativo aos gastos sociais en equipamento ou investimento, por importe de 7.190,00 euros.
- Proposta da concelleira delegada de área de Benestar Social segundo Anexo XV deixando constancia parcial do seu contido :





Concello de Mugardos
(A Coruña)

“ ...

Vista a circular remitida pola Deputación Provincial da Coruña en relación ao POS+ ADICIONAL 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023, PROPOÑO:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2023” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2023

Dato notificado que figura no seu expediente 41.162,43

...

IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES 33.972,43 €

II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i) 7.190,00 €

III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)

TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I + II + III) 41.162,43 euros.

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente”

Debate: Primeira quenda de intervencións
José Miguel Mahía Prados, portavoz do grupo municipal PP. Explica o sentido da proposta,

Rematado o debate, o Pleno polo voto favorable dos once membros presentes (5 PP+3EUSON EN COMUN+2 PsdG-PSOE e 1 BNG), de conformidade coas BASES REGULADORAS PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS

1

2

Avda. de Galicia, 45. Tfnos.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4



Cod. Validación: 4KEXJLSTW42FWY77NN6AGWNNZ | Corrección: <https://mugardos.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 de 13



Concello de Mugardos
(A Coruña)

DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS), publicadas no BOP de A Coruña nº 228 de 1 de decembro de 2022, adoptou o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Prestar aproabción á proposta asinada pola concelleira delegada de Benestar Social e Igualdade (R.A. 535/2021 de 24.05.20201), de 13.02.2023 nos seus propios termos.

Sendo as nove horasdo catorce de febreiro de dous mil vinte e tres, o Presidente levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Mugardos, na data que figura na sinatura dixital á marxe

Visto e prace
O alcalde
Juan Domingo de Deus Fonticoba

A secretaria
Paula E. Ramos Díaz

